

PREMIO IRMÁN REBOIRAS

ás mellores iniciativas
de fomento do galego



PREMIO IRMÁN REBOIRAS

ÁS MELLORES INICIATIVAS DE FOMENTO DO GALEGO.

CURSO 2022/2023

A experiencia que acumulan os EDLG de Escolas Católicas constitúe unha das ferramentas máis valiosas para conseguirmos non só a aprendizaxe senón tamén o fomento e o uso da lingua galega en todos os ámbitos, por parte do alumnado que asiste aos centros desta federación. Co fin de dar a coñecer e compartir os logros máis significativos que alcanzaron e, así mesmo, de recoñecer o labor realizado polos membros que conforman os EDLG e os equipos directivos neste labor de dinamización da lingua galega, lanzamos esta cuarta convocatoria do **Premio Irmán Reboiras ás mellores iniciativas de fomento do galego** organizadas en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

1. OS OBXECTIVOS DESTE PREMIO SON:

- Promover as iniciativas dirixidas a fomentar o uso da lingua galega entre o alumnado, sobre todo as destrezas orais.
- Promover as iniciativas dirixidas a mellorar o incremento cualitativo e cuantitativo do ensino do galego.
- Valorar:
 - a. As **accións, metodoloxías e proxectos máis creativos e innovadores** realizados tanto na modalidade virtual como na presencial no curso pasado (2021-2022).
 - b. As **boas prácticas** levadas a cabo (por exemplo: iniciativas para promover a lingua oral, motivación, ambiente do centro, implicación das familias nas propostas...).
 - c. A colaboración con outros departamentos como o de **Pastoral ou o de Linguas estranxeiras**.
 - d. As **produccións audiovisuais e software educativo** creado especificamente como apoio metodolóxico; así como as presentacións, páxinas web e presenza en redes sociais que facilitan a información e divulgación do uso e fomento da lingua galega na comunidade educativa.
 - e. Os **proxectos de estudo e investigación** sobre algún aspecto da lingua e cultura galegas ou sobre outros nos que se empregue a lingua galega.
 - f. A inclusión de **actividades** dirixidas á atención de **alumnado con necesidades** educativas especiais.
 - g. A **implicación da comunidade educativa** na proposta.

- Recoñecer o compromiso formativo dos docentes e equipos de EDLG e as súas achegas didácticas e metodolóxicas.
- Difundir, entre os colexios de EC de Galicia e entre a sociedade, as mellores experiencias coa finalidade de enriquecelos no proceso de fomento e uso da lingua galega. Para iso, os colexios que desexen expresamente que a súa experiencia sexa valorada para presentala na Xornada de Normalización Lingüística e/ou incluíla na guía de boas prácticas poden indicalo na candidatura.

2. CATEGORÍAS E CONDICIÓNS DOS PREMIOS

Estes galardóns, organizados por EC de Galicia, contan co patrocinio da editorial rodeira-Edebé e co apoio da SXPL. Realizaranse dous recoñecementos:

- Premio á Mellor Iniciativa de Fomento do Galego e ao seu EDLG. **Unha actividade dirixida a alumnado de infantil e primaria ou de secundaria por valor de 750 euros; unha dotación económica de 300 euros dirixida aos membros que conforman o equipo do EDLG.**
- Premio á Mellor Iniciativa de Fomento do Galego e ao seu EDLG. **Unha actividade dirixida a alumnado de infantil e primaria ou de secundaria por valor de 750 euros; unha dotación económica de 300 euros dirixida aos membros que conforman o equipo do EDLG.**

3. CENTROS QUE PODEN PRESENTARSE

Poden presentarse todos os centros pertencentes á rede de EC de Galicia.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os colexios que desexen participar nesta convocatoria deberán formalizar a inscrición remitindo unha breve explicación da experiencia, achegando tamén o material audiovisual necesario, onde explicarán a experiencia realizada durante o curso 2021-2022. Non poderá exceder de 1 páxina. A documentación pode presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: innovacionpedagogica@escolascatolicas.es

O prazo para presentalas finaliza o día 10 de novembro de 2022.

5. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS

A comisión avaliadora valorará:

- O impacto no uso da lingua por parte do alumnado.
- O impacto no uso da lingua por parte do profesorado e dos demais membros da comunidade educativa.

- O grao de implicación e colaboración cos demais departamentos, por exemplo, o de Pastoral.
- A creatividade e innovación.
- A planificación e desenvolvemento.
- O valor metodolóxico e didáctico.
- A avaliación dos resultados.

6. COMISIÓN AVALIADORA

Estará formada por:

- Un/ha representante da editorial rodeira-Edebé.
- A coordinadora dos EDLG de EC.
- Un/ha representante da SXPL.

7. XESTIÓN DAS MEMORIAS XUSTIFICATIVAS

Unha vez avaliadas, as memorias xustificativas que se presenten ao premio quedarán arquivadas nas oficinas de FEREGA-CECA e utilizaranse para edición da guía de boas prácticas ***O galego conta***, que terá lugar cada dous anos. A presentación da solicitude de participación nesta convocatoria supón a completa aceptación destas bases.

8. ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Os premios entregaranse na **XORNADA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA** que terá lugar o día 26 de novembro en Santiago de Compostela.

9. EFECTOS DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria producirá efectos desde o día **15 de outubro de 2021**, data na que os centros xa terán coñecemento do seu contido a través da circular informativa mediante un correo electrónico, e a información na páxina web de Escolas Católicas de Galicia.